



Oficios Tradicionais Gorniceiros Gorniceiros/Alabardeiros ampliación

GORNICEIROS e ALABARDEIROS

A Herdanza dos Pastores

Moito antes de asentarse nunha poboación fixa e transformarse en agricultores, os seres humanos foron nómadas gandeiros transhumantes. Esta cultura perviviu dunha ou doutra maneira ata os nosos días e con ela as economías e sociedades eminentemente gandeiras. Galicia presenta este perfil e por elo non é estraño que aquí fosen abondosos os aproveitamentos artesanás das peles e coiros de vacas, cabalos, ovellas ou animais de caza. Ata a aparición dos sistemas industriais, o necesario proceso de curtición dos coiros facíase nas tenerías ou pelamios, nun longo e pestilente proceso manual a base de limpa-las peles con coitelos especiais, raspalas, lavalas, e calealas, mergullalas en auga con codias moidas de árbores con alta concentración de taninos, mazalas, engraxalas e secalas. Todo este longo e antigo proceso podía durar máis dun ano e daba como resultado coiros dunha excelente calidade. Aínda hoxe, os artesanás que usan esta materia prima nos seus obradoiros, prefiren os coiros curtidos por procedementos vexetais.



Bolsa de Moedas

Os Oficios do Coiro na Literatura Popular

O feito de que a produción destes artesanás tivese que ver con obxectos cun certo carácter simbólico como os zapatos, co manexo dos animais ou que foran imprescindibles para outros oficios de carácter itinerante como os arrieiros, fixo xurdir gran cantidade de ditos e coplas relativos ó seu labor.

CANTIGAS

Las mocitas de este pueblo,
yo para mí nos las quiero,
porque gastan mucho lujo,
y yo soy un pobre alabarero.

Os alabardeiros de Ourense,
andan de pé polas portas,
se non lle fan boa vida,
salenlle as alabardas tortas.

DITOS

O zapato do amigo, moito pez e ben cosido.
A zapato vello, bigoteira nova.
Para adondar os coiros: os fornos e os lavadoiros.

Os Traballos dos Artesáns do Coiro

O mal cheiro que producían os pelamios polos materiais e substancias que utilizaban nos diferentes procesos de curtición como por exemplo a canina (excrementos de can e galiña), facía que estas instalacións se situaran nas aforas das vilas, como no caso de Allariz ou de Noia; pero a súa presenza significou, polo contrario, un florecemento nesas mesmas poboacións de artesanás relacionados con estes materiais como zapateiros, goarnicioneiros e alabardeiros.

Os primeiros podían ser de dúas clases: de portal e de obradoiro. Os de portal non tiñan obradoiro fixo, eran itinerantes, e levaban con eles toda a ferramenta que precisasen para o labor. O común é que se puxesen nun recanto dunha rúa e se adicasen a facer arranxos. Os de obradoiro si tiñan obradoiro, ferramenta máis numerosa e adicábanse á produción propia de zapatos, zocos e botas. No caso dos famosos de Noia, facían unhas botas para os mariñeiros cun cosido especial para que fosen totalmente impermeables.

Os alabardeiros encargábanse de atender todas as necesidades de equipamento relativas ós traballos cos cabalos, burros, mulas e aínda vacas e ovellas. Dos seus obradoiros que xeralmente dispoñían tamén de tenda, saían cinchas, milfeiras, estribos, pexas, alabardas, selas de montar, estribos, cordas, e un longo etc. As vilas e lugares onde se realizaban feiras de gando contaban cunha abondosa presenza destes artesanás.

Os goarnicioneiros podían facer un pouco de todo, pero a súa produción de alforxas, cinturóns, polainas, equipos para cazadores, etc, fixo que lles fora máis doado adaptarse ós novos usos e gustos dun público máis urbán e a unha época coma a nosa onde xa o transporte e o comercio non precisa das cabalerías.